


1ª. Completa o mapa seguinte cos nomes dos estados contendentes na primeira guerra mundial, indicando o bloque do que formaron parte. Elabora un informe sobre as causas e as características dese conflito.



2ª. Elabora un informe sobre as **consecuencias** económicas, sociais, políticas, demográficas e culturais da primeira guerra mundial partindo dos documentos que seguen e dos contidos do libro de texto.

Docto. 1: **Fragments do diario dun oficial alemán, sobre os soldados.** Xuño de 1915

Suplico unha vez máis, da maneira máis urxente, que veñan substituírme, posto que xa só queda un terzo dos combatentes... Resulta moi difícil manter aos homes nos seus postos amenanzándoos con un consello de guerra. Cada vez que cae unha bomba, os homes foxen e hai que empurralos cara adiante. Nin tan sequera o exemplo que dan os comandantes das compañías produce o menor efecto. Tal situación é a consecuencia dos esforzos excesivos que se lle esixiron do 2 ao 13 de maio, e do esgotamento físico e moral, interrompido só polas escasas xornadas de descanso.

Docto. 2: **Lembranzas dun neno berlinés:** “Miña nai falaba do bloqueo salvaxe. As cartillas de racionamento apareceron e os produtos de primeira necesidade foron axiña controlados: mais iso non impediu que as racións comezasen a minguar... A fame facíanos maldicir a Inglaterra; a mortalidade infantil incrementouse, a miña irmá e eu mesmo vimos enterrar a moitos dos nosos compañeiros da escola... Isto explica en parte a violencia das folgas do ano 1917”.

Docto. 3: VAN DER MEERSCH, M.: **A invasión.**

O inverno do ano 1917 foi terrible. Dende o comezo viuse que sería moi frío, sobre todo co estómago baleiro. A miseria en Roubaix era inimaxinable. A vila semellaba a cidade dos mortos... Os vellos morrían, a tuberculose azoutaba aos nenos e mozos. No cemiterio víanse, con estupor, innumerables tumbas de mozos novos... Reinaba a fame, unha fame desesperada, resignada, sen carraxe, ien furor, nin revolta... Non había nada para poder comer e se había algo era caro de máis para poder mercalo. Os alemáns tiñan algunhas cantinas con comida. Na porta, colas de xente miserenta agardaban a distribución das sobras.

Docto. 4: Carta enviada por un soldado alemán dende a fronte francesa a súa dona o 5-II-1918

Cariño mio,

Ahora, si no hay problemas, vas a saber todo acerca de lo que ocurre aquí. Sé que te llevarás una gran sorpresa cuando te llegue esta carta... ¡Si alguna autoridad la ve!... Quizá te gustara saber como está el ánimo de los hombres aquí. Bien la verdad es que (y como te dije antes, me fusilarán si alguien de importancia pillara esta misiva) todo el mundo está totalmente harto y a ninguno le queda nada de lo que se conoce como patriotismo. A nadie le importa un rábano si Alemania tiene Alsacia, Bélgica o Francia. Lo único que quiere todo el mundo es acabar con esto de una vez e irse a casa. Esta es honestamente la verdad, y cualquiera que haya estado en los últimos meses te dirá lo mismo.

De hecho, y esto no es una exageración, la mayor esperanza de la gran mayoría de los hombres es que los disturbios y las protestas en casa obliguen al gobierno a acabar como sea. Ahora ya sabes el estado real de la situación.

Yo también puedo añadir que he perdido prácticamente todo el patriotismo que me quedaba, solo me queda el pensar en todos los que estáis allí, todos a los que amo y que confían en mí para que contribuya al esfuerzo necesario para vuestra seguridad y libertad. Esto es lo único que mantiene y me da fuerzas para aguantarlo. En cuanto a la religión, que Dios me perdone, no es algo que ocupe ni uno entre un millón de todos los pensamientos que ocupan las mentes de los hombres aquí.

Dios te bendiga cariño y a todos los que amo y me aman, porque sin su amor y confianza, desfallecería y fracasaría. Pero no te preocupes corazón mio porque continuaré hasta el final, sea bueno o malo...

Laurie

2ª. Explica o significado da seguinte imaxe partindo de todos os coñecementos xa acadados e da información que atopedes na Rede sobre as madriñas de guerra e a [correspondencia cruzada](#) entre os soldados e esas mulleres durante a 1ª Guerra Mundial.

